

Entrevista a Jesús Gamallo, Director Xeral de Relacións Exteriores e a UE e Cooperación ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia

Description

1. O mundo cambiou moito desde o 1997. Que acontecementos ou procesos, galegos ou internacionais destacaría?

Sen dúbida o lanzamento do euro. A Unión Económica e Monetaria (UEM) foi un salto cualitativo fundamental na construción europea, a pesares da resistencia dos sucesivos gobernos británicos. A súa forza integradora para os que nos comprometemos coa UEM consolida o proxecto europeo. Grazas a esta trabe mestra do edificio continental resistimos os golpes da crise económica da pasada década e agora as ondas lesivas da invasión rusa na Ucraína.

2. 40 anos do Estatuto, 25 da creación da SX de Acción Exterior, cal é o balance?

As obras que fican son o mellor balance: fomos capaces de saltar do Libro Branco da Acción Exterior en 2004 ao Decreto de 2015 polo que se regula a acción exterior de Galicia , e logo á Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) de 2018, fitos que facilitaron a aprobación da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (LACEX), e tamén axiña a aprobación da EGAEX-II. Pero sobre todo, fomos capaces de facelo sen leas constitucionais nin ermas liortas xurídico-políticas, con Gobernos de distintas cores, o que acredita a seriedade, continuidade e solvencia da acción exterior galega.

3. E desde o balance, canta marxe queda, dentro do Estatuto, para desenvolver máis a acción exterior de Galicia?

A aprobación da LACEX é o certificado irrefutable de que se concorren pericia e determinación podemos avanzar con seguridade na acción exterior. Nós aproveitamos o engarce habilitado polas leis españolas de acción exterior e de tratados , convencemos á Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAEUEC), sendo ministro Josep Borrell, e así sacamos adiante a LACEX, unha Lei basal que é plenamente constitucional e, daquela, tamén estatutaria.

4. Que prioridades e desafíos inmediatos ten a política pública de acción exterior en Galicia?

Os desafíos e as prioridades constan na EGAEX-I e incorporaranse á EGAEX-II, cuxo borrador xa está ben maduro. Neste senso cómpre engadir que o lexislador galego foi previsor e incorporou á LACEX uns principios reitores (artigo 3) e uns obxectivos estratéxicos ou de país (artigo 4), previsión que nos axuda a analizar a conxuntura internacional cunhas bases

moi sólidas. Esa conxuntura vén hoxe predeterminada por dous fenómenos foráneos que condicionan poderosamente todas as políticas públicas domésticas, como son o impacto da COVID-19 e da invasión da Ucraína por Rusia.

5. Que prioridades e desafíos de medio e longo alcance ten a política pública de acción exterior en Galicia?

Tamén no medio e no longo prazo o marco definido pola LACEX nos seus artigos de arranque prefigura o exame deses desafíos e prioridades. Por salientar algúns, ademais da senda para intensificar constantemente a cooperación con Portugal e a aposta pola Lusofonía, focalizaría a resposta nestes eidos que salienta o lexislador galego:

Contribuír á aproximación ao produto interior bruto per cápita da zona euro.

O acercamento aos estándares socioecon
zona euro.

A maio

A captación de capital mercantil e industrial destinado a investimento

A atracción de capital humano cualific
de Galicia, que axude a paliar o avelle
O re

O fortalecemento das relacións coa cidadanía galega resid
asentadas fóra de Galicia recoñecidas ao abeiro da norma

A contr
cooper

6. Europa, Eurorrexión, Lusofonía, Diáspora, Internacionalización empresarial e académica… Mais no desenvolvemento da Lei de Acción Exterior, que papel pode xogar o Xacobeo?

O Xacobeo axuda a construír a marca-país de Galicia no mundo. É, por así dicilo, o seu alicerce. O epicentro da economía mundial e do desenvolvemento científico-tecnolóxico está mudando do Atlántico cara ao Pacífico. Por poñer un caso, como presentar a un pequeno país do sur de Europa en Xapón ou en Corea do Sul? Aí é onde verificamos o poder atractivo do Xacobeo como referente global fóra da limitada contorna europea. Se as autoridades surcoreanas son receptivas ás nosas xestións e nos achegan propostas de cooperación é grazas ao vector xacobeo. Se o entón príncipe Naruhito é visto no Xapón facendo parte do Camiño a Compostela, iso ten un impacto extraordinario entre as autoridades políticas e culturais, e máis entre os axentes socioeconómicos nipóns. Nin coa mellor campaña de relacións públicas internacionais poderíamos obter resultados semellantes. O Xacobeo preséntanos coa nosa faciana alí onde case non oíran falar de Galicia.

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Acción exterior de Galicia

ETIQUETAS

Europa Galicia internacional

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Paradiplomacia

Date Created
Outubro 17, 2022
Meta Fields

Autoria :	3782
Datapublicacion :	20221017

Subtitulo : Esta entrevista fai parte do Informe anual da Acción Exterior de Galicia, Informe Nós No Mundo 2021-2022: 25 anos: Da Secretaría Xeral á Lei de Acción Exterior